



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

### **CONCURSO DE COMPARSAS E DISFRACES**

#### **Entroido de Bembrive 2017**

#### **BASES**

1.- O obxecto deste concurso é o de seleccionar as mellores comparsas e os mellores disfraces individuais, nas diferentes categorías, con motivo da celebración do Entroido en Bembrive, que organizado pola Entidade Local Menor de Bembrive en colaboración cos colectivos da parroquia, terá lugar o sábado día 4 de marzo.

2.- As comparsas participantes comporanse dun mínimo de 20 persoas. Estas deberan concentrarse na Estrada de Bembrive (Camiño dos Troncais) ás 16:00 horas, colocándose no seu lugar que se lle adxudique para o desfile, e identificándose cada unha co número que lle corresponda en función da inscrición e das características da mesma. O desfile comezará as 17:00 horas, quedando excluída do concurso toda aquela comparsa que non poida comezar o percorrido a esta hora.

Ao remate do mesmo realizarase unha representación dun máximo de 7 minutos na carpa instalada na Alameda do Torreiro. Esta será obrigatoria no caso das comparsas infantís, agás as formadas maioritariamente por rapaces e rapazas de ata cinco anos de idade, (decisiva para a adxudicación dos premios) e optativa no caso das comparsas de adultos (non contará para a adxudicación de premios).

3.-As comparsas deberán inscribirse previamente entre o días 27 de febreiro e 1 de marzo, presentado as follas de solicitude de inscrición debidamente cumprimentadas, no rexistro da Entidade Local Menor, en horario de 9.00 a 14.00 horas. O prazo de inscrición finalizará ás 14.00 horas do día 1 de marzo.

As comparsas con domicilio social na nosa parroquia terán prioridade na inscrición, sempre que o fagan dentro do prazo establecido.

Non serán admitidas inscricións con posterioridade á data e hora indicadas, calquera que sexa a causa do atraso. As follas de solicitude de inscrición están a disposición dos interesados nas oficinas da Entidade Local Menor.

4.- O número de comparsas participantes será dun máximo de 20, incluíndo categoría de infantís e adultos. Queda excluída a participación das comparsas que acheguen a inscrición unha vez cuberto o número de participantes ou con posterioridade a data e hora indicadas.

Os participantes seleccionaranse por riguroso orde de entrada no rexistro da Entidade, agás as comparsas de Bembrive que terán prioridade na inscrición, sempre dentro do prazo legalmente establecido.



## Entidade Local Menor de Bembrive

A orde das comparsas no desfile realizarase en función das medidas das carrozas, de menor a maior dimensións.

5.- Cada comparsa deberá levar unha persoa para levar o número de orde, que deberá colocarse ao inicio da comparsa que representa.

6.- Os rapaces e rapazas que se inscriban para o concurso individual infantil de disfraces, desfilarán diante do xurado ao remate da actuación das comparsas participantes, por orde de inscrición, para a súa valoración polo xurado.

7.-As persoas que desexen participar no concurso de disfraces individuais adultos teñen que recoller o número de inscrición na entrada do Centro Cultural “Helios”, na noite do 4 ao 5 de marzo, entre as 00.00 e a 01.00 horas.

8.- Establécense para este concurso os seguintes premios e accésit:

a) Premios para comparsas:

Categoría adultos:

- Primeiro premio 500,00 €
- Segundo premio 450,00 €
- Terceiro premio 400,00 €
- Resto de participantes 200,00 €

Categoría infantil:

- Primeiro premio 275,00 €
- Segundo premio 250,00 €
- Terceiro premio 225,00 €
- Resto de participantes 200,00 €

b) Premios individuais infantís: (nenos e nenas ata 12 anos de idade)

Premios para os 20 mellores disfraces, consistentes en lotes de xogos educativos ou similares.

Entregarase un paquete de caramelos a cada un dos nenos e nenas participantes.



## Entidade Local Menor de Bembridge

### c) Premios individuais adultos:

- |                   |          |
|-------------------|----------|
| • Primeiro premio | 100,00 € |
| • Segundo premio  | 80,00 €  |
| • Terceiro premio | 60,00 €  |

Os premios poden ser declarados desertos polo xurado do concurso.

9.- A valoración do concurso estará determinada polo criterio do Xurado, que estará composto por:

- Presidente: A Vogal de Cultura da Entidade Local Menor de Bembridge.
- Vocais: Cinco persoas que designará a Entidade Local Menor de Bembridge.
- Secretario: O membro do xurado de menor idade

O Xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas calificacións pero deberá prestar atención a cuestións como:

- Número de membros
- Vestiario
- Orixinalidade
- Coreografías
- Presencia de elementos complementarios como carrozas, armonía, simpatía, etc.

10.- O xurado avaliará as comparsas participantes no desfile dende algún punto do percorrido e as infantís tamén serán valoradas na súa representación no Torreiro.. A Vogal de Cultura da Entidade Local Menor está facultada para resolver as eventualidades que poidan xurdir, non previstas nestas bases.

11.- A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases. A decisión do xurado é inapelable.

Bembridge, 8 de febreiro de 2017

A vocal de Cultura,

P.O.

Concepción Martínez Rodríguez





*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

**CONCURSO DE COMPARSAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2017**  
**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN**

**DATOS DO REPRESENTANTE:**

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_ ENDEREZO: \_\_\_\_\_

C.P. E LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ TELÉFONO: \_\_\_\_\_

FAX: \_\_\_\_\_ CORREO ELECT.: \_\_\_\_\_ @ \_\_\_\_\_

**EN REPRESENTACIÓN:**

DA COMPARSA \_\_\_\_\_, SEGÚN DOC. ANEXO I

DA ENTIDADE DENOMINADA: \_\_\_\_\_

CIF: \_\_\_\_\_ ENDEREZO: \_\_\_\_\_

C.P. E LOCALIDADE: \_\_\_\_\_ TELÉFONO: \_\_\_\_\_

FAX: \_\_\_\_\_ CORREO ELECT.: \_\_\_\_\_ @ \_\_\_\_\_

**SOLICITA a inscrición** da seguinte comparsa na categoría de:  Adultos /  Infantil

**NOME da comparsa:** \_\_\_\_\_

**NÚMERO DE COMPONENTES:** \_\_\_\_\_

**NÚMERO DE CARROZAS E DIMENSIÓNS DAS MESMAS:** \_\_\_\_\_

Altura: \_\_\_\_\_ Lonxitude: \_\_\_\_\_ Ancho: \_\_\_\_\_

**INDICAR SE VAI REALIZAR REPRESENTACIÓN AO REMATE DO DESFILE:**

SI  NON

**É NECESARIO ADXUNTAR:**

- **Certificación bancaria**
- **Anexo I ou Fotocopia do CIF**

Bembridge, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017  
Sinatura do representante:

**DIRIXIDO Á: ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE**  
**Praza Mosteiro nº. 1, Bembridge. C.P. 36313 Vigo**



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ANEXO I**

**FICHA PARA O COBRO DE PREMIOS DAS COMPARSAS SEN  
ASOCIACIÓN CONSTITUIDA E SEN CIF**

**CATEGORÍA DE ADULTOS**

**Os abaixo asinantes membros da Comparsa: .....**

**que participaron no Concurso de Comparsas e Disfraces do Entroido da Entidade Local Menor de Bembrive 2017, autorizamos a**

**D/D<sup>a</sup>. ..... con NIF .....**

**con domicilio en: .....**

**Localidade: ..... Código Postal: .....**

**Para o cobro do premio que o Xurado do Concurso de Comparsas Disfraces lle otorgou.**

**O ingreso deberá efectuarse na conta que figura na certificación adxunta.**

**D. NIF Sinatura**

**D. NIF Sinatura**

**D. NIF Sinatura**

**D. NIF Sinatura**

**ACEPTO o encargo anterior Bembrive, Vigo, a ..... de ..... de 2017**

**Sinatura do autorizado**

**Asdo.: .....**